

O SILENCIO ANTES DE BACH

Pere Portabella, 2007

1389

ESTREA EN NUMAX: 09.10.2024 | V.O.S.E. | 97 min

O silencio antes de Bach é unha aproximación á música e ás disciplinas e oficios que a rodean a través da obra de Johann Sebastian Bach. Unha mirada sobre as profundas relacións dramáticas que existen entre imaxe e música, de forma que non se concibe esta última como un mero subliñado subsidiario da imaxe, senón como suxeito paritario do relato. Así que parte dunha estrutura musical previa. A banda sonora nítrese de obras de J. S. Bach, de dúas sonatas de Felix Mendelssohn e dun estudo de Gyorgy Ligeti, que crean unha bóveda arquitectónica baixo a cal transcorre a historia da película. Un paseo polos séculos XVIII, XIX e XXI da man de J. S. Bach.

«Película rexida por unha lóxica máis musical que discursiva»

Jordi Costa, DIARIO EL PAÍS



O oposto dun biopic sobre Bach

Por Marcelo Expósito

Juan Sebastián Bach chega coa súa familia a Leipzig para ocupar o posto de Cantor na Escola de Santo Tomás. Traballador aplicado e devoto, a súa posición social e laboral dista de ser privilexiada; pero a súa fama como compositor e intérprete crece exponencialmente ao longo da súa vida e transcende a súa morte, sendo no presente tanto un referente altocultural como unha icona popular.

Punto.

Non hai máis argumento nesta película. Como en todas as de Portabella desde hai trinta anos, *O silencio antes de Bach* é cinema desposuído de anécdota. Nin se desvela ningunha intimidade, nin explota ningún escándalo, nin se conta practicamente nada que non se saiba; Bach, de feito, aparece, propiamente falando, en escasas escenas: é exactamente o oposto dun biopic. É tamén o oposto do formato teleserie inchado a 35mm (nas películas comerciais actuais, os personaxes falan polos cóbados porque a industria de produción de películas xa non cre na imaxe nin no cinema).

Apenas se fala, pero poderíamos dicir que esta película fala fundamentalmente de dúas cousas: do traballo e da Historia. É a través do traballo que esta película elixe falar da arte. Bach non é un xenio que crea ex-nihilo por pura e cristalina inspiración divina. É un traballador inesgotable que vende a súa dedicación e o produto da súa intelixencia creativa a cambio de (pouco) diñeiro. Ten que pelexar por manter o seu posto de traballo e é un compositor consciente das condicións materiais que fan posible a súa música. Toda a película está filmada con son directo, remarcando desta maneira como a música procede sempre da técnica e da fisicidade dos diferentes instrumentos, así como do esforzo e do virtuosismo da súa execución.

Bach ensina ao seu fillo que a música que soa no interior da súa cabeza se socializa precisamente mediante a súa técnica de interpretación. Os personaxes desta película, polo xeral, e non só Bach, traballan: hai camioneiros que interpretan música, carniceros que empaquetan vísceras con partituras de Bach e afinadores de pianos que son cegos. Poderíase dicir que esta película tamén traballa, pois rexeita limitarse a explotar as baixas paixóns ou as expectativas ou a necesidade de evasión do espectador, a quen se lle solicita tamén participar do traballo da película.

N'*O silencio antes de Bach* non hai unha historia lineal: a película avanza, como sempre no cinema de Portabella, por medio de cadros escénicos semiautónomos que buscan provocar choques emocionais consecutivos no espectador. Si hai, a cambio, bastante de Historia, aínda que nos atopemos fronte ao oposto dunha superproducción histórica. Trátase dunha película europea. Europa é a súa nacionalidade, porque Europa é o campo afectivo, simbólico, histórico e político que a sustenta: é o escenario onde ten lugar. Esta película (filmada en tres idiomas: castelán, italiano e alemán) sostén que Europa non poderá seguir adiante sen recoñecer que baixo o seu pasado (hoxe transmutado nun escenario turístico pateado por mozos mochileiros) e o seu incerto presente político (dominado pola tecnocracia e a amnesia) subxace unha Historia tensa, conflitiva, dramática (o corazón da película sitúase en Dresde). Que o esplendor da súa cultura é inseparable do sufrimento e da explotación inflixidos durante séculos, que na súa base formigüea unha multitude como a do mercado de Leipzig. Que o seu presente non é menos tumultuoso e ambivalente que o seu pasado.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Contrapunto,
Philip Kennicott.
Alpha Decay, 2023

Impugnar las normas,
Pere Portabella.
Galaxia Gutenberg, 2024

Pere Portabella,
Rubén Hernández.
Errata Naturae, 2008